

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de xaneiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día vinte de xaneiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(46).-RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(47).-CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DA 1ª QUENDA 2017 DO PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA". EXPTE.13720/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/12/16, e o informe de fiscalización do 18/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/12/16, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, continua a prestar especial atención aos colectivos con maiores dificultades de integración laboral, promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Manteranse as liñas básicas de acción neste ámbito, incidindo directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellaría, entre os que destacan: as accións de mellora da: empregabilidade; a calidade do emprego; a seguridade no traballo e a redución da siniestralidade, acompañadas por: o fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará cunha nova convocatoria do Programa VIGO EMPREGA, no marco do Plan Municipal de Emprego, mantendo os esforzos reflectidos nos orzamentos municipais. Unha vez máis, esta iniciativa permitirá aos beneficiarios seleccionados, a adquisición de experiencia profesional e formación, sendo unha axuda para a súa reintegración ao mercado laboral. Esta mellora da empregabilidade materialízase no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obras e servizos públicos de interese municipal.

Esta concellaría, persegue a mellora constante e progresiva, empregando unha avaliación continua, tendo en conta os aspectos deficitarios ou mellorables, detectados en convocatorias anteriores; á vez que racionaliza os seus procedementos de traballo, mecanismos de acceso, aproveitamento de recursos e a adaptabilidade as necesidades do mercado laboral. Este programa concretase na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo. As persoas candidatas prioritariamente pertencerán á colectivos con dificultades de inserción laboral.

Para esta nova convocatoria, mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, as persoas candidatas, a ser seleccionadas, serán solicitadas ás oficinas de Servicio Público de Emprego de Galicia en Vigo, para que realicen un sondeo e faciliten os precandidatos que participaran no proceso de selección.

As bases de convocatoria que regularán o procedemento de selección para a 1ª quenda do ano 2017, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 02 de decembro de 2016, co número de expediente 13602/77. En relación as convocatorias anteriores estableceronse unhas modificacións nas bases de convocatoria concretamente no apartado 3, Postos de traballo, si e inclúe un novo posto de técnico de prevención de riscos laborais para xóvenes menores de trinta anos, recién titulados, en busca de 1º emprego. Este posto de nova creación ven de completar o equipo técnico de obra. A experiencia de incorporar a xóvenes recién titulados en Formación Profesional de grado medio ou superior, esta resultando moi positiva, para os xóvenes con boa formación académica que precisan a oportunidade de incorporarse ao mercado de traballo e iniciar a súa carreira profesional en postos directamente relacionados cos estudos realizados.

As Bases de Convocatoria establecen, que nas convocatorias os postos a contratar estén relacionados coas seguintes profesións:

<i>Auxiliar topógrafo</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Auxiliar Delineante</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánica do automóbil</i>

Auxiliar administrativo	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Técnico de PRL	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Capataz construción	Oficial desinfección	Peóns construción
Oficial albanelería	Oficial electricidade	Peóns xardinería-forestal

A base 4, establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de inserción laboral, con unha modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral, e deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para a Inserción Laboral "VIGO EMPREGA" para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego", que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as). Do mesmo xeito e conforme establecen as bases de selección, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará e aprobará na convocatoria de selección de beneficiarios/as o seguinte:

1º.- Relación de obras a desenvolver polo persoal do programa VIGO EMPREGA na 1ª quenda do 2017:

- a) Vías e Obras:
 - Construción de beirarrúas en:
 - Rúa Portela – Lavadores
 - Rúa Casal – Sampaio
- b) Policía Local:
 - Acondicionamento novos servizos e vestiarios para persoal da Policía Local.
- c) Limpeza:
 - Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante desbroce de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.
 - Parroquia de Lavadores
 - Parroquias de Sampaio.
 - Construción dun estacionamento cuberto para maquinaria, no Parque Central.
- d) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
 - Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.
 - Eliminación de barreiras arquitectónicas.
 - Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.
- e) Educación:
- Acondicionamento de baños nos CEIP de Balaidos, Eduardo Pondal, Santa Tegra, Carballal, Pardo Bazán, Carrasqueira, Valadares Igrexia, Lope de Vega, Vicente Risco, Escultor Acuña e Canicouva.
 - Ampliación do Comedor no CEIP Sello
 - Pintado peches perimetrais de varios CEIP.
 - Peche lateral da aula matinal do CEIP Frián.
 - Alicatados pasillos CEIP García Barbón
- f) Parque Central de Servizos:
- Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.
 - Mantemento e arranxo de vehículos e maquinaria do programa.
- g) Emprego:
- Acondicionamento nave municipal da Florida.
- h) Desinfección:
- Apoio a campaña de desratización, desinfección e desinsectación do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinfección e desratización en barrios e parroquias.
- i) Medio Ambiente:
- Acondicionamento de clínica para cans.

2º.- Convocatoria dos seguintes postos a contratar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA 1ª quenda do 2017.

- a) *Peóns beneficiarios/as :*
- *Peóns de Construción. nº de postos a contratar: trinta e oito (42).*
 - *Peóns de xardinería-forestal. nº de postos a contratar: vinte e dous (20)*
- b) *Oficiais de oficios beneficiarios/as:*
- *Albaneis - nº de postos a contratar: catorce (14).*
 - *Carpinteiro aluminio- nº de postos a contratar: un (1).*
 - *Carpinteiro madeira: nº de postos a contratar: un (1)*
 - *Carpinteiro metálico- nº de postos a contratar: un (1).*
 - *Condutores - nº de postos a contratar: dez (10).*
 - *Fontaneiro - nº de postos a contratar: dous (2).*
 - *Electricista - nº de postos a contratar: un (1).*
 - *Xardineiros/as forestais - nº de postos a contratar: oito (8).*
 - *Pintor -nº de postos a contratar: dous (2)*
 - *Mecánico do automóvil: nº de postos a contratar:dous (2)*
 - *Desinfectores. nº de postos a contratar: un (1)*
- c) *Capataces beneficiarios/as:-*
- *Capataces construción: nº de postos a contratar: cinco (5).*
- d) *Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:*

- *Auxiliar administrativo: tres(3)*
- *Delineante. nº de postos a contratar:un (1)*
- *Auxiliar Topografo.nº de postos a contratar: un (1)*
- *Técnico de Prevención de Riscos Laborais: un (1)*

3º.- Selección dos beneficiarios/as.

- O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.
- Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello, por iso, acordase manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias, establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa "Vigo Emprega".
- Realizarase posteriormente a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección, para finalmente proceder a realización das probas escrita e práctica.
- Baremación dos expedientes persoais / profesionais (Capataces e oficiais).
- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte(20) preguntas, deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo.

- Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de persoalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
- Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
- Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraránse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
- As persoas candidatas con unha de "NSNM", será excluída do proceso de selección.
- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacioandas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizáranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñáanse conforme a profesión e as labores máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase “NSNM” e quedará excluída do proceso de selección.

Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

Os custos totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo Marco prorrogado de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:

O prazo previsto de contratación para a 1ª quenda de 2017 será, a partir do 01 de marzo de 2017, polo que o custo total de 868.947,52 € para o ano 2017, dende o 01 de marzo ata o 31 de agosto de 2017. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2017:

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2017														
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Cotización por trab/pos	Custe total estimado	Custe postos/mes	ANO 2016	SS total Postos 6 Meses	Salarios totais Postos 6 Meses
3	Auxiliar administrativo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/a	32,10	272,94	818,82	1.123,21	3.369,63	20.217,78 €	4.912,92	15.304,86 €
1	Auxiliar topógrafo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	32,75	278,46	278,46	1.128,73	1.128,73	6.772,40 €	1.670,78	5.101,62 €
1	Delineante	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	32,75	278,46	278,46	1.128,73	1.128,73	6.772,37 €	1.670,77	5.101,60 €
1	Tecnico PRL	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	32,75	278,46	278,46	1.128,73	1.128,73	6.772,37 €	1.670,77	5.101,60 €
5	Capataz-Construción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	37,80	328,65	1.643,26	1.198,10	5.990,50	35.943,02 €	9.859,55	26.083,47 €
16	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	5.142,40	1.171,66	18.746,63	112.479,77 €	30.854,39	81.625,38 €
1	Oficial electricista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
2	Oficial fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	2.343,33	14.059,97 €	1.928,40	12.131,57 €
1	Of. Carpintería aluminio	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Oficial Carpintería metálica	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. Desinfección	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	295,04	1.145,31	1.145,31	6.871,84 €	1.770,25	5.101,59 €
1	Of. Carpintería madeira	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
2	Of. Pintor	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	642,80	1.171,66	2.343,33	14.059,97 €	3.856,80	10.203,17 €
2	Of. mecánica automoción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	642,80	1.171,66	2.343,33	14.059,97 €	3.856,80	10.203,17 €
8	Of. xardinaria	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	2.360,33	1.145,31	9.162,45	54.974,69 €	14.162,00	40.812,69 €
10	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/f	37,80	321,40	3.214,00	1.171,66	11.716,64	70.299,86 €	19.284,00	51.015,86 €
30	Peón Xardinaria-Forestal	694,10	115,68	809,79	809,79	84/g	34,70	281,00	8.429,87	1.090,78	32.723,44	196.340,63 €	50.579,21	145.761,42 €
42	Peón construción	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	37,80	306,10	12.856,16	1.115,88	46.867,16	281.202,93 €	77.136,94	204.065,99 €
128									38.487,87	Mes	144.824,59	868.947,52	230.927,19	638.020,33

- 2410 1310000 “Plan de Emprego Municipal:
 - Orzamento 2017 638.020,33 €
- 2410 16000001 “Plan de Emprego Municipal. SS”:
 - Orzamento 2017 230.927,19 €

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces e persoal técnico administrativo beneficiarios/as, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a convocatoria de selección de 128 traballadores, conforme ás bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa “Vigo Emprega”,

aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 2 de decembro de 2016, co número de expediente 13602/77, para o seguintes postos da 1ª quenda do programa de inserción laboral "VIGO EMPREGA":

- a) 3- Auxiliares administrativos
- b) 1- Auxiliar delineante beneficiario/a.
- c) 1- Auxiliar topógrafo beneficiario/a
- d) 1- Técnico Prevención de Riscos Laborais
- e) 5- Capataces construción beneficiarios/as
- f) 45 - Oficiais beneficiarios/as:
 - 16- Oficiais albanel.
 - 1- Oficial carpinteiro aluminio.
 - 1- Oficial carpinteiro metálico
 - 1- Oficial carpinteiro de madeira
 - 10- Oficiais condutores.
 - 2- Oficiais fontaneiros.
 - 1- Oficial electricísta.
 - 8- Oficiais xardineiros/forestais.
 - 2- Oficial pintor.
 - 1- Oficial desinfector.
 - 2- Oficiais mecánicos automoción
- g) 72- Peóns beneficiarios/as:
 - 30- Peóns xardinería-forestal
 - 42- Peóns de construción.

2. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9 das Bases de Selección das de persoas candidatas:

- a) 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo **2**
- b) 30% menores de 30 anos, dos que ao menos o 50%, en busca 1º emprego. **22**
- c) 30% mulleres. **21**
- d) 19% persoas maiores de 45 anos **14**
- e) 18% persoas paradas de longa duración. **13**

3. Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servizo Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

- a) Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.
- b) Oficiais e capataces e persoal técnico administrativo: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros meritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.
- c) Autorizar a realización de probas: escrita e práctica relacionadas co oficio e posto aos técnicos, Capataces, oficiais e peóns, todos eles beneficiarios/as.

4. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

- a) Vías e Obras:
 - Construción de beirarrúas en:
 - Rúa Portela – Lavadores
 - Rúa Casal – Sampaio
- b) Policía Local:
 - Acondicionamento novos servizos e vestiarios para persoal da Policía Local.
- c) Limpeza:
 - Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante desbroce de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.
 - Parroquia de Lavadores
 - Parroquias de Sampaio.
 - Construción dun estacionamento cuberto para maquinaria, no Parque Central.
- d) Parques e Xardíns:
 - Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, vivaceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
 - Acondicionamento e reparación de camiños públicos e escaleiras de acceso ao parque de Castro.
 - Eliminación de barreiras arquitectónicas.
 - Rega automática nos parques de Castro e Castrelos.
- e) Educación:
 - Acondicionamento de baños nos CEIP de Balaidos, Eduardo Pondal, Santa Tegra, Carballal, Pardo Bazán, Carrasqueira, Valadares Igrexia, Lope de Vega, Vicente Risco, Escultor Acuña e Canicouva.
 - Ampliación do Comedor no CEIP Sello
 - Pintado peches perimetrais de varios CEIP.
 - Peche lateral da aula matinal do CEIP Frián.
 - Alicatados pasillos CEIP García Barbón
- f) Parque Central de Servizos:
 - Pintado de instalacións no Parque Central de Servizos.
 - Mantemento e arranxo de vehículos e maquinaria do programa.
- g) Emprego:
 - Acondicionamento nave municipal da Florida.
- h) Desinfección:
 - Apoio a campaña de desratización, desinfección e desinsectación do casco urbano, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinfección e desratización en barrios e parroquias.
- i) Medio Ambiente:
 - Acondicionamento de clínica para cans.

4. Aprobar o gasto total de 868.947,52 € do orzamento municipal correspondente ao ano 2017:

- a) 2410 1310000 "Plan de Emprego Municipal:
 - Orzamento 2017 638.020,33 €
- b) 2410 16000001 "Plan de Emprego Municipal. SS":
 - Orzamento 2017 230.927,19 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(48).-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA Á FEIRA CHRISTMASWORLD, EN FRANKFURT, DA FUNCIONARIA CO Nº PERSOAL 83520. EXPTE. 9301/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/17, asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado de Economía e Facenda e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos ten previsto a súa asistencia á Feira Internacional Christmasworld en Frankfurt, do 26 ao 29 de xaneiro de 2017, coa finalidade de coñecer as novidades en decoración de nadal e poder contactar con provedores do sector, co obxecto de coñecer as últimas novidades de utilidade no desenvolvemento das súas competencias na área de Comercio.

Para este fin, é preciso a asistencia dunha persoa que se encargue de facer as traducións oportunas facilitando o traballo do concelleiro.

Considerando a formación académica da administrativa adscrita ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns, M^a Inés Cacharrón González, con número de persoal 83520, licenciada en filoloxía inglesa, propónse a súa asistencia nos labores de tradución.

Por elo, e previo informe da Intervención Municipal, este Servizo proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

1º.- Autorizar a asistencia da administrativa, Inés Cacharrón González á Feira Christmasworld, que se vai celebrar en Frankfurt, do 26 ao 29 de xaneiro de 2017.

2º.- Autorizar o gasto correspondente por asistencia á Feira Christmasworld, en concepto de gastos de viaxe, e dietas de aloxamento e manutención que se desglosa a continuación:

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Día/s</i>	<i>Gasto día/s - Aloxamento</i>	<i>Gasto día/s – manutención</i>	<i>Total</i>
<i>1710. 230.20.00 (dietas persoal)</i>	<i>26/01/2017</i>	<i>117,20€</i>	<i>1/2 día 28,25€</i>	<i>145,45€</i>
	<i>27 e 28/01/2017</i>	<i>117,20€x2días= 234,40€</i>	<i>56,50€x2 días=113€</i>	<i>347,40€</i>
	<i>29/01/2017</i>		<i>1/2 día 28,25€</i>	<i>28,25€</i>
<i>1710. 231.00.00 (Gastos locomoción xardíns)</i>			<i>400€</i>	<i>400€</i>
<i>Total</i>				<i>921,10€</i>

3º.- Para a tramitación deste expediente consúmese crédito da bolsa de vinculación, sen que isto altere o funcionamento do servizo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(49).-NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA PARA A ADECUACIÓN AO MODELO DE TRAMITACIÓN DIXITAL NA ÁREA DE ASESORÍA XURÍDICA) DUN/DUNHA PROGRAMADOR DE INFORMÁTICA. EXPTE. 29266/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/17, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 6 de maio de 2016 aprobou o "Programa para a adecuación ao modelo de tramitación dixital na Área de Asesoría Xurídica", expte. 27887/220, no que se contemplan as necesidades de medios humanos e, a duración estimada prevista do mesmo.

Entre as necesidades referenciadas no expediente contemplábase, entre outros, o nomeamento dun/unha Programador/a de Informática cunha duración de 4.947 horas equivalentes a tres anos.

Non existindo bolsa de emprego vixente, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 11/03/2016, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 03 de xuño seguinte, aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as de Informática, Subgrupo C1 de Titulación, expte. 27846/220, bases que foron publicadas no BOP de data 15 de xullo de 2016.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 11/11/2016, formulou a correspondente proposta dos/as 3 aspirantes aptos para confeccionar a referida bolsa de emprego, que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de 14/12/2016, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓN S TOTAIS
1	FERNÁNDEZ BARCIELA	HUGO	76995811E	17,85
2	GUARÍN DÍEZ	LAUREANO	36081906N	17,65
3	PÉREZ ÁLVAREZ	MANUEL	36148330N	16,23

En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 10 de xaneiro de 2017, prestou conformidade á proposta referida, autorizando o urgente nomeamento interino do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución de programa temporal (Programa para a adecuación ao modelo de tramitación dixital na Área de Asesoría Xurídica"), dun/dunha Programador/a de Informática, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de tres anos, ampliables ata doce meses mais se o xustificara a duración do correspondente programa, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Asesoría Xurídica Municipal que constan no programa que figura no expediente 27887/220.

En cumprimento do ordenado, con data 18/11/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso ((posto Cód. 98-Programador/a de Informática), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no informe conxunto das xefaturas de Administración Electrónica e Asesoría Xurídica, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 10/01/2017 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2016, prorrogados para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, neste caso, trátase dunha competencia distinta das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, trátase polo tanto dun servizo central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible

para o adecuado funcionamento do propio Concello, neste caso da Area de Asesoría Xurídica Municipal, polo que se informa favorablemente ao devandito nomeamento interino.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo de tres anos (01/02/2017 ao 31/01/2020) dun programador/a de informática para o referido programa, supón un gasto de 92.059,56€, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades de contratación temporal. Da referida cantidade, 28.129,31€ corresponden ao presente exercicio orzamentario (11 meses) e, 63.930,25€ (25 meses) aos vindeiros exercicios 2018-2020, ao que haberá que engadirse a cantidade de 29.491,05€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, (dos que 9.011,15€ corresponden ao presente exercicio orzamentario (11 meses) e, 20.479,90€ (25 meses) aos vindeiros exercicios 2018-2020, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2017, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, acréditase a existencia dunha bolsa de emprego de Programadores de Informática aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de 14/12/2016, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓNS TOTAIS
1	FERNÁNDEZ BARCIELA	HUGO	76995811E	17,85
2	GUARÍN DÍEZ	LAUREANO	36081906N	17,65
3	PÉREZ ÁLVAREZ	MANUEL	36148330N	16,23

Seguindo estritamente a orde da anterior lista e, consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como programador de informática, do aspirante que figura na

primeira posición, D. HUGO FERNÁNDEZ BARCIELA, DNI 76.995.811-E, que aceptou expresamente optar ao referido nomeamento interino por execución de programa temporal, segundo o disposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto Sr. Fernández Barciela, non prestou servizos neste concello, polo que está en condicións de ser nomeado.

As bases do proceso selectivo que deron lugar a esta bolsa de emprego establece que "os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do TREBEP e, normativa de concordante aplicación".

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como Programador/a de Informática, subgrupo C1 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de tres anos (01/02/2017 ao 31/01/2020), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Asesoría Xurídica Municipal contidas no informe conxunto de data 18/03/2016, que figura no expediente 27887/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 06/05/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto de 92.059,56€ (dos que 28.129,31€ corresponden ao presente exercicio orzamentario (11 meses) e, 63.930,25€ (25 meses) aos vindeiros exercicios 2018-2020, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "adequación ao modelo de tramitación dixital na área de Asesoría Xurídica", como Programador de Informática, por un período máximo de tres anos (01/02/2017 ao 31/01/2020), ampliables ata doce meses mais se o xustificara a duración do correspondente programa, á D. HUGO FERNÁNDEZ BARCIELA, DNI 76.995.811-E, na súa condición de primeiro aspirante na lista que superou todos os exercicios no último proceso selectivo para funcionarios interinos coa categoría de programador/a de informática, derivada do proceso selectivo autorizado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 11/03/2016 e, no

disposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (01/02/2017 ao 31/01/2020) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 98-Programador/a de Informática, sendo adscrito a Asesoría Xurídica Municipal, cód. 111, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, a Titular da Asesoría Xurídica Municipal, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(50).-NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA, DE SETE DIPLOMADAS EN TRABALLO SOCIAL POLA QUENDA LIBRE CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES OEP 2010/2011. EXPTE. 29213/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 12/01/17, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade sete prazas de diplomado/a en traballo social pola quenda libre, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011, na súa sesión de 16 decembro de 2016, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento das aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
229	SUÁREZ MARTÍNEZ	MARTA	53186869J	27,60
58	DÍAZ SÁNCHEZ	MARTA	36172105M	26,88
88	GARCÍA MARTÍN	ÁNGELA	07850781F	26,19
17	BARCIELA LEDO	NURIA	36116514M	24,68
98	GÓMEZ FIGUEIRO	PAULA	77000390R	24,63
9	ANDRADE TELLO	MARTA	36147925K	24,25
171	MURILLO DÍAZ	AURORA	36122133N	24,08

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 28/12/16.

As aspirantes propostas presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Nomear funcionarias de carreira, con cargo ás praza vacantes de Diplomado/a en Traballo Social pola quenda libre, ás seguintes aspirantes propostas polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
229	SUÁREZ MARTÍNEZ	MARTA	53186869J	27,60
58	DÍAZ SÁNCHEZ	MARTA	36172105M	26,88
88	GARCÍA MARTÍN	ÁNGELA	07850781F	26,19
17	BARCIELA LEDO	NURIA	36116514M	24,68
98	GÓMEZ FIGUEIRO	PAULA	77000390R	24,63
9	ANDRADE TELLO	MARTA	36147925K	24,25
171	MURILLO DÍAZ	AURORA	36122133N	24,08

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarias de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ás interesadas, á Intervención Xeral, Área de Recursos Humanos e Formación (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal, Xefa do servizo e Xefe da Área de Benestar Social aos que se adscriban as prazas aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(51).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA, DE CATRO AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL POLA QUENDA LIBRE CON CARGO ÁS PRAZAS VACANTES OEP 2010/2011.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/17, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

O órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade catro prazas de auxiliares de administración xeral pola quenda libre, unha delas reservada para persoas con discapacidade, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011, na súa sesión de 16 xaneiro de 2017, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento das aspirantes que se relacionan a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición coa maior puntuación:

QUENDA LIBRE:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
232	FERNÁNDEZ GUIMERÁNS	MÓNICA	36123494-Q	31,000
160	CORREA ALONSO	MIRIAM	39451837-Y	29,482
275	GAMALLO REY	ROSA MARÍA	35451918-V	29,232

QUENDA LIBRE.- RESERVA DISCAPACITADOS/AS:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ÁLVAREZ CANELLA	IRIA MARÍA	36132591-M	26,129

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 16/01/17.

As aspirantes propostas presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 19/06/2015 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Nomear funcionarias de carreira, con cargo ás prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral pola quenda libre, unha delas reservada para persoas con discapacidade, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010/2011, ás seguintes aspirantes propostas polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

QUENDA LIBRE:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
232	FERNÁNDEZ GUIMERÁNS	MÓNICA	36123494-Q	31,000
160	CORREA ALONSO	MIRIAM	39451837-Y	29,482
275	GAMALLO REY	ROSA MARÍA	35451918-V	29,232

QUENDA LIBRE.- RESERVA DISCAPACITADOS/AS:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	ÁLVAREZ CANELLA	IRIA MARÍA	36132591-M	26,129

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, os presentes nomeamentos unicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarias de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ás interesadas, á Intervención Xeral, Área de Recursos Humanos e Formación (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e ás Xefaturas dos Servizos aos que se adscriban as prazas aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(52).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 3815/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 20/01/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

Á vista das actuacións da Mesa de Contratación e dos acordos adoptados nas súas sesións do 18 e 20 de xaneiro de 2017, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado no prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.	84,20
2	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.)	78,96
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.)	61,81
4	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.	51,82
5	CLECE, S.A.	47,39

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.778,07 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(53).-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E CUSTOS ASOCIADOS DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO EN AVDA. GARCÍA BARBÓN. FASE I”. EXPTE. 2566/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/01/17, dáse conta do informe-proposta so 19/01/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de fomento, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.-En base aos ditos acordos e ao informe do Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, de 7 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 14 de agosto de 2014, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA AVDA. GARCÍA BARBÓN” e con data 25 de novembro de 2014 a aprobou o «proxecto -que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executa-las obras de RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEMENTO NA AVDA. GARCÍA BARBÓN. FASE 1 por un importe total de 2.027.463,88 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no

acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, así como» os custos asociados ao proxecto por importe de 118.402,37 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	34.075,02 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	34.075,02 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	8.518,76 €
Dirección arqueolóxica	ADRO	30.000,00 €
	SUMA	106.668,80 €
	11% Gastos de Xestión	11.733,57 €
	TOTAL (IVE excluído)	118.402,37 €

IV.- Con data 28 de novembro de 2014 o mesmo órgano acordou o nomemanto da dirección facultativa da obra e quedu enterada das características do contrato de obra concertado por Aqualia FCC-Vigo UTE para a execución do proxecto

V.- En data 3 de agosto de 2015 procedeuse á recepción parcial das obras realizadas ata esa data e á paralización das obras pendentes de excución —beirarrúas a marxe do lado do mar, dende Rúa Oporto ata Serafín Avendaño—. Reanudada a obra o 27 de xuño de 2016, trala época de choivas e rematado o curso escolar, a fin de minimizar as afeccións aos veciños, o director facultativo da obra, con 5 de xullo de 2016, emitiu informe técnico solicitando autorización para a redacción dunha modificación do proxecto de obras, coa xustificación técnica que no mesmo se contén.

VI.- Con data 22 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou: «1º.- Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto das obras “Renovación de Redes de Abastecemento e Saneamento en Avda. García Barbón. Fase I”» e designar ao Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, como director facultativo das obras que restaban por executar.

VII.- A redacción do proxecto modificado foi encargado por Aqualia FCC-Vigo UTE á Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez e unha vez presentado ante esta Administración municipal foi informado polo director facultativo da obra, con data 16.01.2017, nos termos que seguen:

“II.- Xustificación do modificado: Tralo replanteo desta nova fase de obra e revisión de servizos soterrados, coa información facilitada tamén polas sondaxes executadas durante 2015, e realizado estudio do entorno in situ, comprobouse a antigüidade das edificacións do ámbito, con cimentacións máis sensibles que as da marxe xa executada, e comprobouse tamén que o colector de saneamento a executar deberá estar máis profundo do previsto no proxecto aprobado en X.G.L. en novembro de 2014, polo que se estudia a execución das zanxas con sistema de contención de entibación especial de gran profundidade, de modo que se protexa con maior

garantía tanto a seguridade dos traballadores da obra como dos usuarios do entorno. Así mesmo para a execución das acometidas considerase necesario o emprego de medios especializados de excavación en mina (tipo perforación dirixida ou similar) de modo que se minimice a afección en superficie, e polo tanto a afección a veciños e usuarios. Tamén co avance da obra detectáronse diferentes deficiencias no subsolo da calzada, baixo o paquete de firmes, como coqueiras e condicións xeotécnicas do terreo peores das recollidas en proxecto, que presenta riscos de afundimentos que invalidan a solución de proxecto para o tratamento do firme de calzada que consistía nun fresado e regularización superficial do firme. Á vista do atopado durante a execución de obra, é para evitar risco de afundimentos e accidentes é necesario unha actuación de maior calado na reposición da calzada e estender a actuación a parte do subsolo onde se detectaron as citadas deficiencias, mellorando así mesmo a seguridade na obra e dos veciños e usuarios, polo que queda xustifico o interese público de tódalas modificacións plantexadas.

Polo aquí exposto e tendo en conta o estado do entorno atopado trala reanudación das obras, é implício a necesidade de modificar as unidades de obra previstas no proxecto para a fase de intervención na marxe pendente de execución no relativo a contención de terras e consolidación da subbase.

Os cambios plantexados xorden para adaptar o proxecto vixente á realidade existente encontrada unha vez comezada as obras, e adecuar as especificacións das prestacións tendo en conta as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade.

III.- Modificacións: O desenrolo das obras contratadas e o coñecemento da realidade das especificacións do ámbito de actuación e dos elementos sobre os que se actúa na presente obra, reflicten unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos de prestacións establecidos dende o proxecto.

Neste sentido presentase o presente Proxecto Modificado nº 1 que describe de forma detallada tanto os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade existente encontrada, unha vez comezada as obras, como aos cambios de escaso alcance necesarios para adecuar este as especificacións das prestacións tendo en conta as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade.

A continuación indícanse as principais modificacións incluídas no presente proxecto modificado:

- Consolidación de subbase da calzada: Durante a execución das gabias para o servizo de saneamento desta nova fase de obra, detéctanse diversas zonas con oquedades baixo o paquete de firme existente, por iso considérase necesaria a demolición e posterior recheo e compactado con chans adecuados para consolidación da subbase do firme. Estimando a afección superficial mediante as oquedades descubertas e a zonas onde actualmente o pavimento está moi gretado e/ou con blandones.

- Reposición do paquete de firme: unha vez consolidouse a subbase, debe procederse a unha reposición completa do paquete de firme; unha vez analizado o tráfico que circula pola vía, xunto co catálogo de firmes da 6.1-IC Instrución de

Estradas e as Recomendacións para o proxecto e deseño do viario urbano, deséñase un novo paquete, composto por 20cm de Zahorras, 20cm de formigón HA-25 con fibras, e 12cm de mestura bituminosa quente, repartidos en dúas capas intermedia e rodaxe. Prevese tamén a colocación dunha geomalla de reforzo, previo á extensión da capa de rodaxe, naquelas zonas onde actualmente o firme está gretado e non se procede á súa reposición completa.

- Medios especiais para escavación profunda: Tras o reformulo desta nova fase de obra e revisión de servizos soterrados coa información facilitada polas sondaxes executadas durante 2015, e realizado o estudo da contorna in situ, compróbase a antigüidade das edificacións, con cimentacións máis sensibles que as da marxe xa executada, e que o colector de saneamento a executar deberá estar máis profundo do previsto no proxecto, considérase necesario executar as gabias con sistema de contención de entibación especial de gran profundidade (tipo tablestacado ou similar), distinta á recollida no proxecto de referencia, de maneira que se minimize a alteración en superficie e, por tanto, a afección a veciños e usuarios, mellorando ademais a seguridade na obra, xa que e protéxese con maior garantía aos traballadores da obra.

- Medios especiais para execución de acometidas: Así mesmo, para a execución das acometidas considérase necesario o uso de medios especializados de escavación en mina (tipo perforación dirixida ou similar) para poder salvar todos os servizos urbanos existentes, de maneira que se minimize a afección aos mesmos, e a alteración en superficie das beirarrúas.

ORZAMENTO: Exposto o anterior, hai que resaltar que as variacións supoñen a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto vixente aprobado. En consecuencia, os prezos contradictorios propostos pola dirección facultativa, consecuentes á solución técnica adoptada, atenden ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria, aprobado en X.G.L. do 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado en todo o que se refire a prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e aos custos indirectos (6%) dos prezos descompostos.

Todo iso provoca variación do presuposto económico aprobado, sendo o novo importe de 2.219.055,63 €, I.V.E. excluído, quedando xustificado o total do investimento económico, e dando lugar ao presente proxecto Modificado nº 1, cun importe adicional de 191.591,74 €, que representa unha porcentaxe de incremento do 9,44%, respecto ao proxecto orixinal.

PRAZO DE EXECUCIÓN: O proxecto modificado contempla un volume de obra superior polo que se propón unha ampliación de prazo de execución de DOUS (2) MESES, debido as obras de escavación necesarias con medios especiais e polos condicionantes restrictivos de afección ao tráfico rodado que impide actuar con simultaneidade en todo o ancho de calzada.

CONCLUSIÓNS: Considerando necesaria unha modificación do proxecto, SOLICÍTASE, a oportuna aprobación do Órgano de Contratación do proxecto "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO EN AVDA. GARCÍA BARBÓN, FASE 1".

As citadas modificacións suscitadas non alteran substancialmente a actuación e non supoñen unha variación na clasificación do contratista. Estas modificacións atenden a adecuación do proxecto e das especificacións da prestación a realidade xeolóxica, hídrica e estrutural do entorno, posto de manifesto con posterioridade ao comezo da obra o cal non foi previsible aplicando toda a dilixencia requerida con anterioridade, polo que están recollidas dentro do artigo 107 do TRLCSP, como modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación pública.

As citadas modificacións, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas pola aparición de patoloxías que non poideron ser previstas no proxecto inicial e que corresponden co estado das estruturas de cimentación das edificacións existentes, da profundidade necesaria para o colector de saneamento, así como o deficiente estado do subsolo da calzada. Así mesmo considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non altera o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de tramitación da obra, recollidas no procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia, aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013».

VIII.- O 23 de decembro de 2016, a empresa concesionaria presentou comunicación dos colaboradores na dirección da obra e os custos asociados do modificado do proxecto de referencia, que foron informados favorablemente pola Dirección facultativa o 15 de xaneiro de 2017.

IX.- En data 16.01.2017 foi emitido informe favorable ao citado proxecto modificado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, no senso de que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación do modificado do proxecto de obras a que se refire o presente expediente, observou os mesmo trámites que os fixados para a aprobación do proxecto inicial, fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

Segunda.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Terceira.- No modificado do proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, director facultativo das obras, así como do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, se tiveron

en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

Polo demais, segundo se especifica no mesmo informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; os custos asociados á actuación observan, tamén, ás porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

Cuarta.- Aprobado que sexa o proxecto modificado a concesionaria deberá observar, coas pertinentes adaptacións, os mesmos trámites que seguiron á aprobación do proxecto inicial, fixados no repetido acordo da Xunta de goberno Local de 8 de marzo de 2013.

Quinta.- Polo demais, aínda que o Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal, que propón a aprobación do proxecto, xustifica cumpridamente a necesidade da modificación do proxecto inicial e que estas modificacións non traspasan os límites fixados polo artigo 107 TRLCSP para as modificacións dos contratos públicos, cumpre precisar que o contrato asinado entre a concesionaria do servizo de augas e a construtora para a execución da obra de que tratamos non está suxeito ao Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ao no estar a concesionaria dentro do seu ámbito subxectivo de aplicación.

Sexta.- A aprobación do modificado do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre "Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE", corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado número 1 das obras "Renovación de Redes de Abastecemento e Saneamento en Avda. García Barbón. Fase I", cun presuposto de execución por contrata de 2.219.055,63 euros (IVE excluído), o que supón un adicional líquido de 191.591,74 euros (IVE excluído), e un prazo de execución de dous meses máis, con cargo aos compromisos de investimentos asumidos por Aqualia FCC-Vigo UTE na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada ao seu favor.

Segundo.- Aprobar os custos asociados do proxecto modificado número 1 das obras "Renovación de Redes de Abastecemento e Saneamento en Avda. García Barbón. Fase I" por importe de 8.042,03 euros (IVE excluído), segundo o seguinte detalle:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	3.220,03 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	3.220,03 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	805,01 €
	SUMA	7.245,07 €
	11% Gastos de Xestión	796,96 €

	TOTAL (IVE, non engadido)	8.042,03 €
--	---------------------------	------------

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez